

CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 55/142

ASUNTO: Información para avaliar o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria

ORZAMENTOS: ano 2019.

CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO: Si

Lexislación aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda.

Guía para a determinación da Regra de gasto do artigo 12 da Lei 2/2012, Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para corporacións locais, 3ª edición, novembro 2014, editada polo Ministerio de Facenda e AA.PP; Intervención Xeral da Administración do Estado.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Análise

Ao obxecto de avaliar o cumprimento ao previsto no artigo 165 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 55/142

Financeira (LOEOSF), e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

A análise que se incorpora é independente do informe que emita o Sr. Interventor ao amparo do previsto no artigo 16 do precitado Real Decreto.

O artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, considera que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados en vigor.

Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade

O artigo 16 do precitado Real Decreto, establece en canto ao orzamento inicial e, se é o caso, as súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderá á Intervención local, nos mesmos termos previstos no apartado seguinte.

O artigo 15 da LOEOSF, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, a proposta do Ministro de Facenda e Administracións Públicas e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

Os acordos adoptados sobre os obxectivos das regras fiscais foron os seguintes:


Consello de Ministros, sesión do 20 de xullo de 2018.

Proposta ao Congreso dos Deputados, Pleno do 27 de xullo de 2018, que foi rexeitada.

De momento prorrogáranse os obxectivos correspondentes ao acordo do Consello de Ministros da sesión do 7 de xullo de 2017, aprobadas polo Congreso dos Deputados no Pleno do 11 de xullo de 2017, e polo Senado no Pleno do 12 de xullo de 2017, polo que se establecían os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e TRCPIB referidos ao período 2018-2020.

No entanto, o artigo 15.6 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria establece que,





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 55/142

despois do rexeitamento das Cortes ao teito de gasto, o Goberno ten que volver remitir un novo acordo nun prazo máximo dun mes. A esta data non hai outro acordo, polo que incorporanse as rexeitadas por si fosen sometidas de novo ás Cámaras e as prorrogadas, que son as que a esta data serían aplicables ao ano 2019.

Aínda que non se aprobasen os obxectivos propostos, ao subsector local non afectarían, xa que os obxectivos de estabilidade e de TRCPIB son os mesmos. En canto ao obxectivo de débeda, o obxectivo prorrogado é menos esixente que o proposto e aprobado polo Consello de Ministros o 20/07/2018.

Obxectivos, % sobre PIB (±). Proposta rexeitada				Obxectivo estabilidade (±), % s/ PIB. Prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central	-0,40%	-0,10%	0,00%	-0,70%	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-1,10%	-0,90%	-0,40%	-1,20%	-1,10%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,30%	-0,10%	0,00%	-0,30%	-0,10%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-1,80%	-1,10%	-0,40%	-2,20%	-1,50%	-0,50%

Débeda segundo PDE, % sobre PIB, proposta rexeitada				Débeda segundo PDE, % s/ PIB, prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	70,10%	68,90%	67,20%	70,90%	69,70%	67,70%
Comunidades Autónomas	23,70%	23,00%	22,20%	24,00%	23,10%	22,30%
Entidades Locais	2,30%	2,20%	2,10%	2,70%	2,60%	2,50%
Total	96,10%	94,10%	91,50%	97,60%	95,40%	92,50%


(TRCPIB) s/ PIB, proposta rexeitada				(TRCPIB) s/ PIB, prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Entidades Locais	2,70%	2,90%	3,10%	2,40%	2,70%	2,80%

Sobre a análise e avaliación da Regra de Gasto, achégase outro documento.

Sobre a débeda, incorpórase ao expediente a situación actual que ten o Concello en relación coa débeda financeira.

En canto aos axustes, incorporase o correspondente ás compensacións que fai o Ministerio de Facenda e Función Pública nas entregas a conta mensuais en relación coa liquidación definitiva da Cesión de Tributos do Estado e do Fondo Complementario de financiamento dos anos 2008 e 2009, xa que a correspondente ao ano 2014, foi totalmente compensada.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 55/142

Entidade Matriz e estados consolidados

A táboa que se achega, reflicte as contías por capítulos do Estado de Gastos e Ingresos, tanto da Entidade como dos Estados consolidados, diferenciado por masas de recursos e empregos correntes non financeiros, empregos e recursos de capital non financeiro, empregos e recursos non financeiros e os empregos e recursos financeiros.


Empregos e recursos

Empregos			Recursos		
Capítulo	Entidade	Consolidados	Capítulo	Entidade	Consolidados
I	67.882.697,30	71.949.645,30	I	108.960.818,00	108.960.818,00
II	123.267.438,51	125.158.944,96	II	8.493.508,00	8.493.508,00
III	3.530,00	3.530,00	III	39.271.725,53	40.616.825,53
IV	33.968.597,81	28.028.597,81	IV	80.193.073,39	79.233.196,66
V	600.000,00	600.000,00	V	3.020.200,00	3.030.200,00
TOTAL G.Co.Op.NF	225.722.263,62	225.740.718,07	TOTAL I.Co.Op.NF	239.939.324,92	240.334.548,19
VI	29.812.598,54	30.139.367,36	VI	,00	,00
VII	980.748,24	1.030.748,24	VII	16.576.285,48	16.576.285,48
TOTAL G.Cp.Op.NF	30.793.346,78	31.170.115,60	TOTAL I.Cp.ONF	16.576.285,48	16.576.285,48
TOTAL G.Op.NF	256.515.610,40	256.910.833,67	TOTAL I.Op.NF	256.515.610,40	256.910.833,67
VIII	646.000,00	671.000,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	,00		IX	,00	
TOTAL G.Op.Cp.F	646.000,00	671.000,00	TOTAL I.Op.Cp.F	646.000,00	671.000,00
TOTAL G.Op.Cp.	31.439.346,78	31.841.115,60	TOTAL I.Op.Cp.	17.222.285,48	17.247.285,48
Total X. GASTOS	257.161.610,40	257.581.833,67	Total X. INGRESO	257.161.610,40	257.581.833,67

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados, a deducir

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	5.940.000,00	,00	1.368.856,73	
OA. X.M.U.	1.368.856,73		5.940.000,00	,00
Total	7.308.856,73	,00	7.308.856,73	,00





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 55/142

Axustes en recadación na Entidade:

Polas compensación nas liquidación negativas na Cesión de Tributos do Estado e Fondo Complementario de Financiamento dos anos 2008-2009.

Ano	Importe axuste positivo
2008	543.137,28
2009	2.110.929,24
Total	2.654.066,52

Non se fai axuste algún no resto da recadación, xa que historicamente a diferenza entre a recadación das previsións iniciais e as liquidacións se compensa coa recadación de pechados, de tal xeito que a diferenza entre a recadación de corrente fronte aos dereitos recoñecidos e menor que a contía da recadación de pechados.

Resumo


Recursos e empregos	Entidade	consolidado
Recursos non financeiros orzamentados	256.515.610,40	256.910.833,67
Axustes positivos pola compensación liqu. 2008-2009	2.654.066,52	2.654.066,52
Total recursos	259.169.676,92	259.564.900,19
Empregos non financeiros	-256.515.610,40	-256.910.833,67
Capacidade de financiamento (+), Saldo non financeiro	2.654.066,52	2.654.066,52
Recursos financeiros	646.000,00	671.000,00
Empregos financeiros	-646.000,00	-671.000,00
Necesidade de financiamento (-), Saldo financeiro	,00	,00

(Σ Recadación capítulos I a VII (corrente e pechados) - Σ de obrigas previstas capítulos I a VII \geq 0).

Non se toma en consideración na análise as inexecucións, que se reflicten no documento de avaliación da Regra de Gasto.

A Entidade e os estados consolidados cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, xa que a diferenza entre os recursos non financeiros e os empregos non financeiros é positiva (capacidade de financiamento). En canto ás operacións financeiras, non se fai concertación de





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 55/142

novos pasivos no ano e tampouco hai amortización de pasivos, por non ser a Entidade debedora por pasivos financeiros.

Dáse cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria, todo elo sen prexuízo do informe que emita o Sr. Interventor Xeral sobre a avaliación que faga do cumprimento.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Responsable Superior Contable e Orzamentario
Luis García Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2018 13:44

Páxina 6 de 6

Expediente 55/142

CSV: 28EB55-5DB426-BHD146-3K2CS5-1N64V1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>